

Lucía Santos Lago
Marta Pereira Bello



Servizo de Emprego e Desenvolvemento Local
Concello de Vimianzo



lusantoslago@gmail.com
martavimianzo@hotmail.com

Dende o Concello de Vimianzo estase levando acabo o PLAN INTEGRADO DE EMPREGO 2010/2011 Todo por un emprego, en liña co que se propón dende a Unión Europea para as directrices de emprego e os plans nacionais de acción para o emprego. Ten por obxecto a realización dunha combinación de tarefas de información, orientación, asesoramento, formación, practica laboral e mobilidade xeográfica. Actividades encamiñadas a obter a inserción laboral do demandantes de emprego participantes no plan.

Este Plan desenvolvido dentro do Servizo de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Vimianzo, está financiado polo Fondo Social Europeo, a través da Consellería de Traballo e Benestar e da Dirección Xeral de Formación e Colocación, coa colaboración do Servizo Público de Emprego de Galicia.

O Plan Integrado de Emprego ten fixado como obxectivo final a inserción laboral dos traballadores e traballadoras en situación de desemprego participantes nel que será alomenos do 35%. Con carácter xeral, considérase que a inserción laboral se consegue cando, durante a vixencia do plan, o traballador ou traballadora sexa contratado por conta allea por unha duración non inferior a seis meses. Igualmente, tamén se considera inserción, cando durante a vixencia do plan, e durante un período dun ano como mínimo, se acredite a constitución en traballadores autónomos ou por conta propia das persoas desempregadas participantes en dito plan.

A laboura das titoras de inserción e formación é atopar a mellor forma de inserir aos usuarios no mercado laboral, buscando a diferenciación destes, fronte ao resto dos competidores, xa que aínda que sexa o obxectivo principal a inserción, preténdese que os postos de traballo nos que sexan contratados se consoliden no tempo.

É de sobra coñecido por todos, que unha das dificultades máis salientables é que cada vez os postos de traballo precisan máis cualificación e son máis especializados, impoñen os candidatos novas competencias tanto persoais, sociais como profesionais para así afrontar os cambios que se impoñen en tódolos ámbitos

dado os rápidos avances da ciencia e tecnoloxía. Isto require unha formación e experiencia que os usuarios do Plan Integrado, nun primeiro momento, non posúen.

Ante isto, e observando a situación actual da sociedade e do mercado de traballo as TIC's son un campo no que se necesita unha formación urxente. E máis ante o cambio continuo, a rápida caducidade de información e a necesidade dunha formación permanente para adaptarse aos requirimentos da vida profesional e para reestruturar o coñecemento persoal forman parte da cultura que nos rodea e das posibilidades de desenvolvemento social xa que se caracterizan por facilitar o acceso a unha fonte de información; procesar rapidamente e de maneira fiable todo tipo de datos; servir como canles de comunicación inmediata; ter unha ampla capacidade de almacenamento; automatizar os traballos; permitir a interactividade e dixitalizar toda a información.



A falta de formación é unha circunstancia que pon freo á expansión das TIC's, a necesidade duns coñecementos teóricos e prácticos que todas as persoas deben aprender, a necesidade de aptitudes e actitudes favorables á utilización destas ferramentas. E máis, as esixencias actuais fan necesario que o persoal con formación ou experiencia en administración manexe as novas tecnoloxías para optimizar e potenciar a súa capacidade e así defenderse no competitivo mercado laboral actual.

Dende unha observación inicial, ao enfrentarse á selección de candidatos ao Plan Integrado de Emprego, atópase un sector, o administrativo, ao que había que ofertar unha acción innovadora, que fose máis alá da mera formación en programas informáticos e que indagase no sector das Tecnoloxías da Información e da Comunicación 2.0, aplicadas á empresa. Desta necesidade derivou a idea de impartir un curso que analizase polo miúdo a web 2.0.

A web 2.0 basease na interacción que se obtén a partir de diferentes aplicacións na web, que facilitan o compartir información. Exemplos deste tipo de web son as comunicacións, servizos e aplicacións web, as redes sociais, os aloxamentos de videos, as wikis ou os blogs. Un sitio web 2.0 permite os internautas comunicarse con outros usuarios ou mesmo cambialo contido do sitio, en contraposición á simple visualización pasiva dos contidos que se producía fai uns anos.

O nome co que se deu a coñecer os usuarios do Plan de Emprego e o público, en xeral, foi OFI-TIC FERRAMENTAS WEB 2.0 PARA A EMPRESA. O curso con oitenta horas na súa totalidade, estruturouse en módulos para diferenciar os contidos de cada un deles, sendo impartido por un Blogger de Weblogss.



O primeiro módulo "Redes sociais e reputación

online" con 16 horas, tratou o Contorno, o Consumidor e a Estratexia 2.0. Teoría que se levou a práctica nun taller final, no que se crearon perfís na rede e ata un blogg, dándose unhas pautas de comportamento na rede (netiqueta)

No modulo dous "Ferramentas para a web 2.0", tamén con 16 horas, fixose un estudo máis exhaustivo das redes sociais (Facebook, Tuenti, LinkedIn, entre outras), dos bloggs (Blogger), microblogs (Twitter), as wikis (wikipedia), e os paquetes de inicio e escritorios personalizados (Netvibes). E para sacar un maior proveito disto, no modulo 3 "Compartir información na rede" de 12 horas, fixose un tratamento das fotografías (Photoshop, photoflitre), videos (Windows Movie Maker), presentacións (slidershare.net, autorstream.com, issuu.com, scribd.com) e todo iso para compartilo na rede a través das ferramentas (Flicker, Panoramio, Picasa, Youtube, Vimeo, BlipTV.tv) e perfís creados no modulo un e dous, analizando tamén as xeoaplicacións (Google maps, Panoramio, Platial) e as bookmarks sociais (Delicious).

O módulo catro "Xeolocalización" trazou unha ruta de geocaching, sendo eminentemente práctico, realizando unha saída de campo pola ruta dos dolmes da zona de Vimianzo.

E, por último, no quinto modulo "Posicionamento online", o máis longo con 28 horas, tratouse a linguaxe en internet, a busca de información, a visibilidade e posicionamento en buscadores, entre eles, o posicionamento SEO e SEM, facendo un perfil profesional. Trataronse as fases do SEO, keywords, accions internas e externas, ademáis do posicionamento natural (redes sociais, agregadores, acortadores e outros), todo isto levado a práctica unha execicio sobre o posicionamento dunha empresa. En canto o posicionamento SEM, fixose unha análise dos anuncios (barnners, enlaces patrocinados, como facer unha campaña de Adwords, visualizando un exemplo real), tamén se tratou a compra de palabras clave e o Google Analytics.

Con este curso innovase e diferenciase os usuarios do Plan Integrado de Emprego 2010/2011 Todo por un emprego do Concello de Vimianzo en canto as novas tecnoloxias. Deste xeito, o seu currículum enriquecese positivamente nun campo tan en alza nos últimos tempos e tan pouco explorado na zona da Costa da Morte.